

BASES PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS APÍCOLAS

En cumprimento do acordo, unanimemente, na Asemblea de Comuneir@s, celebrada o día 6 dos correntes, Ábrese un prazo de 5 meses (ata o 15 de setembro) para presentar proxectos de aproveitamento apícola en terreos do Monte Comunal.

Lugar de presentación

Oficina de Montes ou do CVC Valladares, en horario de 9,30 a 21,30 h. de luns a venres.

Quen pode presentalas

Daráselle prioridade ós que veñan a nome dun Comuneiro, aínda que os que non o sexan, procedan de onde procedan, tamén poden presentalos.

A ter en conta na redacción do proxecto:

- ***A localización:***

Deberá de estar retirada respecto dos lugares de tránsito de persoas.

Si coincidira que varios candidatos pretenderan a mesma ubicación, a Xunta Rectora decidirá en base a outros criterios, quen se queda nela, podendo o descartado propor outra situación para as súas colmenas.

En todo caso, será a Xunta Rectora, a que teña a última palabra sobre a idoneidade ou non da mesma.

- ***As colmeas:***

Deberán de ter tódolos permisos sanitarios e rexistros actualizados e en regra, ademais de contar cos pertinentes seguros.

Deberán, igualmente, porse os avisos necesarios para que non se acheguen a elas persoas alleas a explotación.

- ***O contido do proxecto:***

Deberá de vir especificado, o máis polo miúdo posible (investimento necesario, nº de colmeas, accesos, periodos nos que van estar instaladas no monte,...), igualmente se fará constar a compensación que se prevé para a Comunidade, xa sexa económica ou en especie. Este criterio será determinante a hora de decidir a quen se lle autoriza a instalarse no Monte Comunal.

O procedemento

Unha vez finalice o periodo de presentación de ofertas establecido, si non hai proxectos presentados, a Xunta Rectora decidirá, si se prorroga o prazo por outro periodo de tempo a estipular, si se invita a presentar ofertas a apicultores profesionais ou si se descarta a iniciativa.

Si hai proxectos válidos e viables, resolveranse antes do 1 de outubro, priorizándose os d@s Comuneir@s e entre estes os que sexan máis rentables para a Comunidade e cumpran con tódolos requisitos que figuran nas bases ou cos que, obxetivamente dite o sentido común.

En todo caso, a explotación non será admitida ata que non se asine o correspondente convenio entre as partes, que deberá ser ratificado na Asemblea do derradeiro trimestre do 2014, a ser posible.

A duración do contrato:

Será a que se pacte entre as partes, considerando as limitacións que marquen as leis vixentes no momento da súa sinatura.

A Xunta Rectora resolverá sobre os aspectos non reseñados nestas bases e disporá da potestade de desestimar os proxectos que non se axusten as mesmas.

So se devolverán os proxectos descartados, ós candidatos que o soliciten, antes de que remate o ano, se non fora así, poderían destruírse.

Valladares – Vigo 15 de abril do 2014.

A XUNTA RECTORA